

UNHA HISTORIA DE AMIZADE



POR DANIJELA KNEZ E IVAN DRAJZL

A Roi encántalle xogar, e como a calquera neno,
gústanlle moito os xoguetes.
Tamén le libros e xoga con avións imaxinarios e
peluches.
A miúdo usa a súa imaxinación, facendo que todo o
que está ao seu arredor desapareza. Cando isto pasa,
Roi é moi feliz.





Pero Roi non sempre está ledos, xa que ten unha enfermidade rara cun nome moi estraño que nin tan sequera pode pronunciar.

A súa enfermidade faino sentir moi canso e ás veces ten dor. Cando isto sucede, Roi non pode saír fóra a xogar, o que provoca que se sinta triste e mesmo anoxado. Por iso tamén lle resulta máis difícil facer novos amigos.

A nai e o pai de Roi lévano a moitos médicos e a moitos hospitais. Pero Roi non sempre entende o que lle din os doutores – todo o que quere é estar ben para xogar fóra como os outros nenos.



Era o primeiro día de escola de Roi. Estaba desexando coñecer aos outros rapaces.

Roi sentou preto dun neno chamado Brais, quen o invitou a sentar canda el e puxéronse a construír una casa de bloques de construción.

A casa que construíron era enorme, e Brais e Roi estaban moi orgullosos da súa creación. Os outros nenos reuníronse arredor deles para admirala.

O primeiro día de Roi ía moi ben! Pero chegou a hora de ir xogar fóra.

“Imos correr!” suxeriu Brais.

“Non podo correr”, contestou Roi engurrando o cello.

“Vaia!” dixo Brais sorprendido. “É una mágoa, gústame moito correr. Vémonos despois.”

Brais correu ao patio mentres Roi, moi triste, quedaba mirando fixamente pola ventá aos outros nenos que xogaban fóra.



Segundo pasaban os días, Roi xa quedaba el só na clase porque non podía correr cos outros rapaces. Non quería que ninguén máis soubese o triste que estaba.

Ás veces, os seus pais recollíano máis cedo da escola para levalo ao hospital. Unha vez, Roi tivo que perder a festa de aniversario dun compañeiro porque tiña una cita médica, e enfadouse moito.





Na escola, algúns nenos comezaron a dicir que Roi non era divertido e que non querían xogar con el nunca máis. Mesmo unha das súas compañeiras nin o invitou á súa festa de aniversario porque súa nai díxeralle que sería mellor se Roi non fose.

“Para que convidalo se non pode xogar contigo?” dixera. “Todo o que fai é sentar nun recuncho da habitación namentres os outros nenos xogan.” E deste xeito, a tristura de Roi ía medrando e medrando.

Pero un bo día, o amigo de Roi, Brais, crebou a perna e puxéronlle una escaiola. Sentou onda Roi e os dous miraron pola ventá como xogaban os demais nenos. Brais sentíase moi desgustado por ter que estar quieto o día enteiro.

“Sinto moito que te mancaras,” dixo Roi, “espero que poidas correr outra vez axiña.”





Máis tarde, Brais pensou en como debía sentirse Roi. Decatouse do duro que tiña que ser quedar dentro vendo a tódolos demais nenos xogar sen ti.

Finalmente entendeu o difícil que fora para Roi ter que estar só, sentado, todo o día. E deuse de conta de que Roi non elixira quedar sen xogar cos outros rapaces.

Despois de varias semanas, a perna de Brais curou e volveu correr. Sen embargo, non esqueceu o triste que se sentira levando a escaiola posta. Así que tomou a decisión de intentar axudar a Roi.



O aniversario de Roi estaba a piques de chegar. Roi tiña medo de que ninguén viñera á súa festa, xa que se decatara de que moitos nenos o evitaban na escola.

O que non sabía era que o seu amigo Brais estaba a preparar unha sorpresa...

O día da súa festa, Roi agardaba na sala. Había zume, tarta e aperitivos – o único que faltaba eran os outros nenos!

Roi miraba pola ventá, desexando que alguén viñera. Agardou outro pouco pero ninguén chegaba. Sentíase moi triste e decepcionado.



De súpeto, escoitou un forte estrondo que viña de fóra, e Brais irrompeu na habitación seguido de todos os nenos da clase.

Todos viñeran ao aniversario de Roi. Trouxeron bloques de construción, pinturas e papel, e todos xuntos xogaron dentro da sala, con Roi.

Antes de que chegaran, Brais explicáralles aos demais a situación. A Roi gustáballe xogar pero cansábase moito pola súa enfermidade, así que xogar no interior era o mellor. Cando o comprenderon, todos os compañeiros quixeron unirse á celebración.

Roi estaba moi feliz.



Trala festa de aniversario, Brais sentaba a miúdo con Roi na escola. Os demais rapaces tamén ían xogar con el dentro da clase. Roi aínda tiña que ir moito ao hospital, pero nunca máis se sentiu só na escola.



Cando Roi medrou, converteuse nun pintor famoso, e moitos dos seus compañeiros da escola ían visitar as súas exposicións, onde, orgullosos, dicíanlles aos xornalistas que el era o seu amigo. Roi nunca esqueceu a bondade dos seus amigos, e, pola contra, os seus amigos aprenderon a ser inclusivos cos demais.

UNHA HISTORIA DE AMIZADE

VERSIÓN ORIXINAL EN SERBIO POR DANIJELA
KNEZ E IVAN DRAJZL

EN COLABORACIÓN CO DÍA DAS ENFERMIDADES RARAS
ESTE LIBRO FOI ADAPTADO A PARTIR DO ORIXINAL EN
SERBIO POR MARÍA ÁLVAREZ SATTA



RAREDISEASEDAY.ORG